



life fluvial
MELLORA E XESTIÓN SOSTIBLE DE CORREDORES FLUVIAIS DA REGIÓN ATLÁNTICA IBÉRICA
LIFE16 NAT/ES/000771




ZEC Río Eo ES1120002

LIFE Fluvial

Os corredores fluviais presentan importantes valores naturais, culturais e económicos. O obxectivo do proxecto LIFE Fluvial é a mellora do seu estado de conservación en 9 espazos da Rede Natura 2000. Desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en 5 concas fluviais do Noroeste ibérico, onde especies invasoras, intensificación de usos ou problemas fitosanitarios poden causar deterioración e fragmentación de hábitats. Na conca do río Eo, actúa nos municipios galegos de Ribeira de Piquín, Meira, A Pontenova, Trabada e Ribadeo e nos asturianos de San Tirso de Abres, Vegadeo e Castropol

Plantas e animais característicos do bosque ribeiran atlántico

Ameneiro (*Alnus glutinosa*)




É a árbore máis característica dos nosos bosques de ribeira. As súas raíces están adaptadas para resistir forza da auga, fixando o chan fronte á erosión. Proporciona alimento e acubillo a invertebrados característicos do hábitat 91E0*. Está ameazado polo patóxeno *Phytophthora alni*

Espadana amarela (*Limniris pseudacorus*)



A planta desprende un forte cheiro e a raíz exuda un líquido amarelo alaranxado. Moitos insectos resultan atraídos polas súas vistosas flores amarelas

Freixo (*Fraxinus excelsior*)



Ten un papel fundamental na rexeneración dos bosques perturbados grazas ao seu rápido crecemento. A finais de verán pódense apreciar os seus característicos froitos alados, que se dispersan



Libeliña esmeralda (*Oxygastra curtisii*)



Especie de interese comunitario asociada a ríos con bosques de ribeira. As súas larvas habitan en zonas algo remansadas entre as raíces dos ameneiros. A destrución dos ameneirais e a contaminación das augas son as súas principais ameazas

Aguaneiro (*Galemys pyrenaicus*)




Vive en regatos e ríos ben conservados, polo que o futuro deste insectívoro, exclusivo do centro e do norte da Península Ibérica, depende do bo estado de conservación dos nosos ríos

Salgueiro negro (*Salix atrocinerea*)



Un dos salgueiros máis abundantes nos ríos atlánticos. Ben adaptado ás condicións do bosque de ribeira, pola súa flexibilidade e capacidade de rebrotar a partir de ramas desprendidas. A principios de primavera produce unha gran cantidade de sementes que se dispersan polo vento

Mexillón do río (*Margaritifera margaritifera*)



Molusco asociado a salmóns e troitas que transportan as súas larvas, de moi elevada lonxevidade (ata 65 anos na Península Ibérica), que experimentou un forte retroceso en toda Europa

Fento real (*Osmunda regalis*)



Fento cunhas follas (frondes) de ata 2,5 m. Crece nas beiras dos ríos, formando parte do sotobosque dos ameneirais. No inverno perde as frondes que se desenvolven de novo na primavera

O obxectivo xeral do proxecto LIFE Fluvial é a mellora do estado de conservación de corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en varias cuncas fluviais atlánticas da Península Ibérica
LIFE Fluvial is a project co-financed by the European Commission within the framework of the LIFE call and runs between 2017-2021



www.life fluvial.eu
info@life fluvial.eu



RESERVA DE BIOSFERA RÍO EO, OSCOS E TERRAS DE BURÓN

